

PIANO-JAZZ

<u>Especialidade:</u>	Interpretación Jazz
<u>Tipo:</u>	Disciplina Obrigatoria
<u>Itinerario:</u>	Jazz
<u>Materia:</u>	Instrumento principal
<u>Modalidade:</u>	Piano I-II
<u>Período de instrución:</u>	Anual
<u>Número de créditos de 1º:</u>	16
<u>Total de horas ao ano:</u>	32h presenciais + 448h estudo individual = 480h
<u>Departamento:</u>	Piano
<u>Requisitos previos a 1º:</u>	Probas de Acceso ao Superior: Aprobada/o e admitida/o
<u>Profesor/a responsable:</u>	Xan Campos e-mail: xancampos@gmail.com

Descrición da materia:

O obxectivo da materia é traballar dun xeito práctico e experimental, a través dunha inmersión profunda do alumnado no universo do jazz, co estudo dalgúns e algunhas das pianistas máis importantes da historia deste estilo. Deste xeito poderá gañar madurez e un fondo coñecemento da tradición, incorporar elementos á propia linguaxe e finalmente desenvolver unha personalidade musical propia, ben fundada e coherente.

Tamén é unha finalidade desta materia que o alumnado coñeza as súas propias características de traballo para poder así gañar recursos que lle axuden a estudar e evolucionar dun xeito autónomo.

Material recomendable para a clase:

Papel de pentagrama e lapis.

Recursos:

Piano acústico, computadora conectada a internet e equipo de son.

Temática do 1º Curso:

Cada curso académico estudaremos en profundidade un mínimo de tres pianistas da historia do jazz. No primeiro curso ímonos centrar en pianistas significativos/as de arredor dos anos 40 e 50, e que se poidan encadrar dentro dun estilo "tradicional". Exemplos de pianistas a traballar neste curso son Bud Powell, Red Garland, Oscar Peterson, Wynton Kelly ou Mary Lou Williams. Tamén podemos traballar pianistas *pre-bebop* como Art Tatum, Fats Waller ou Earl Hines. O alumnado será quen elixa, co asesoramento do profesorado, as/os pianistas a traballar, habendo sempre algo de flexibilidade no que se refire á delimitación estilística e cronolóxica das/os artistas a estudar.

Sobre cada pianista será requisito afondar nos seguintes aspectos, divididos en catro bloques:

1. Contexto: Realizarase unha pequena investigación sobre o/a pianista a estudar e expoñerase oralmente na clase o contexto histórico, social e musical, as características principais, datos relevantes, proxectos e colaboracións, así como unha reflexión e opinión persoal do alumnado. Tamén se indicarán os discos destacados e é imprescindible escoitar abundante e regularmente estes discos durante todo o tempo que dure o traballo.

2. Transcricións: Durante as semanas que dure o traballo transcribíranse un mínimo de 6 temas compostos pola/o artista ou que interprete dun xeito persoal, así como un mínimo de 3 solos. O alumnado deberá poder interpretar de memoria estes temas e solos de xeito fluído, tocalos coa gravación e imitar fielmente todos os detalles da versión orixinal.

3. Análise: Analizarase a nivel xeral o contido melódico, rítmico e harmónico e todos os elementos que poidan formar parte da linguaxe da/o pianista a estudar e incorporaranse á propia linguaxe do alumnado.

4. Afondamento: Revisaranse exhaustivamente e estudaranse dun xeito específico aspectos especialmente relevantes da/o artista, como *voicings* concretos, articulación, xiros melódicos e harmónicos característicos e demais.

Ademais dos elementos de traballo que vaian xurdindo no estudo de cada pianista, o alumnado deberá mostrar fluidez nos seguintes aspectos:

- Acordes pechados con 9ª en todas as inversións, incluíndo maiores, menores, dominantes e semidiminuídos.
- Posibles escalas a usar nos devanditos acordes.
- II V I maiores e menores, con todas as posibilidades de dominante (natural, b9 13, b9 b13, alterado...)

A maiores, o profesorado pode pedir outros materiais que considere oportunos relacionados coa lectura, improvisación, memorización de *standards*, técnica ou calquera outro aspecto que entenda que non se está a traballar axeitadamente a través do estudo das/os diferentes pianistas.

Avaliación

O 70% da nota virá determinada por unha avaliación continua de cada clase, onde ademais se valorarán tamén aspectos como a participación en concertos, jams e todo tipo de actividades relacionadas co jazz. O profesorado cubrirá ao final de cada cuatrimestre un informe de avaliación continua que lle proporcionará a dirección pedagóxica.

O 30% restante determinarase na audición final de cada cuatrimestre, por medio dun tribunal formado polo/a profesor/a da materia e polo menos un membro do equipo pedagóxico. O alumnado será o responsable do seu propio acompañamento, xa sexa por medio de compañeiros/os da propia escola ou externas/os. O criterio do tribunal da audición para avaliar ao alumnado basearase nos mesmos aspectos que a avaliación continua.

- Informe de avaliación continua (70%):

Alumna/o:

Especialidade:

Itinerario:

-Traballo sobre pianistas:

- Coñecemento do contexto (1 punto):
- Transcricións (3 puntos):
- Incorporación de elementos á propia linguaxe (3 puntos):
- Traballo de aspectos específicos (3 puntos):

Suma dos puntos x 0,7:

-Solvencia xeral:

- Interpretación (3 puntos):
- Improvisación (3 puntos):
- Lectura e repertorio (2 puntos):
- Consciencia (forma, rol, comunicación...) (2 puntos):

Suma dos puntos x 0,3:

-Observacións:

Suma de todos os puntos previamente multiplicados, NOTA:

Descrición Oficial e Competencias da materia segundo o DOG (DECRETO 163/2015, do 29 de outubro):

Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación, da improvisación, da transposición e da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dun estilo propio como intérprete e con madureza creativa. Adquisición de hábitos e técnicas de estudo e valoración crítica do traballo propio. Interpretación en público como solista ou xunto con outros/as intérpretes.

Práctica da técnica, dos recursos, do repertorio evolutivo e estilístico do instrumento, así como o coñecemento básico da construción, mantemento, comportamento acústico e características do propio instrumento.

Competencias transversais

- T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T6. Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersoal.
- T8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
- T15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

Competencias xerais

- X1. Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido adecuadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical.
- X2. Mostrar aptitudes adecuadas para a lectura, improvisación, creación e recreación musical.
- X6. Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel adecuado ao seu campo principal de actividade.
- X8. Aplicar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva.

X9. Coñecer as características propias do seu instrumento principal, en relación coa súa construción e acústica, evolución histórica e influencias mutuas con outras disciplinas.

X10. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos musicais diversos.

X11. Estar familiarizado/a cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os trazos estilísticos que caracterizan o dito repertorio e poder describilos de forma clara e completa.

X13. Coñecer os fundamentos e a estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.

X21. Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos tras desenvolver a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados.

X24. Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional.

X25. Coñecer e ser capaz de utilizar metodoloxías de estudo e investigación que o capaciten para o continuo desenvolvemento e innovación da súa actividade musical ao longo da súa carreira.

Competencias específicas

EI1. Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.

EI2. Construír unha idea interpretativa coherente e propia.

EI4. Expresarse musicalmente co seu instrumento/voz de xeito fundamentado no coñecemento e dominio na técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas.

EI5. Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.

EI6. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.

EI7. Desenvolver aptitudes para a lectura e improvisación sobre o material musical.

EI10. Coñecer as implicacións escénicas que leva a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.